B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da morfoloxía nos principais paradigmas de explicación lingüística.	A3 A4 A5 A7 A8 A13 B1 B2 B5

Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da sintaxe nos principais paradigmas de explicación lingüística.	A3 A4 A5 A7 A8 A13 B1 B2 B5
Adquirir os coñecementos necesarios para a análise morfosintáctica das cadeas lingüísticas no primeiro idioma estranxeiro.	A3 A4 A5 A7 A8 A13 B1 B2 B3
Enfrontarse a problemas, exercicios e traballos académicos de morfosintaxe.	A7 A8 A9 A13 B3 B4 B5
Desenvolver unha actitude crítica informada con respecto á morfosintaxe dentro dun concepto de ciencia da linguaxe.	A5 A7 A8 A9 A13 B2 B3

Contidos

Tema	
UNIT 1: INTRODUCTION TO THE LINGUISTIC STUDY OF ENGLISH (week 1)	1.1. The morphosyntactic study of English 1.2. Language variation: Registers, dialects, standard and vernacular English 1.3. Descriptive and prescriptive approaches to grammar
UNIT 2: AN OVERVIEW OF GRAMMATICAL UNITS: DIFFERENCES FROM TRADITIONAL GRAMMAR (week 1-3)	2.1. Sentence, clause, phrase and word 2.2. Category vs function 2.3. Word and lexeme categories: the parts of speech 2.4. Survey of lexical words and function words 2.5. The structure of phrases 2.6. Canonical and non-canonical clauses 2.7. Structure of words: Inflection vs derivation 2.8. Word-formation processes
UNIT 3: THE VERB PHRASE (week 4)	3.1. The verb phrase 3.2. Finite vs non-finite verbs 3.3. Auxiliary vs lexical verbs 3.4. An overview of tense, aspect, voice and modality
UNIT 4: CLAUSE STRUCTURE (week 5-6)	4.1. Introduction 4.2. The subject 4.3. The object 4.4. Predicative complements 4.5. Types of clause structures 4.6. Multi-word lexical verbs: Phrasal, prepositional and phrasal-prepositional verbs 4.7. Adjuncts
UNIT 5: THE NOUN PHRASE (week 7-8)	5.1. Introduction 5.2. Determiners 5.3. Complements 5.4. Internal and external modifiers 5.5. Pronouns 5.6. Genitive case

UNIT 6: THE ADJECTIVE AND THE ADVERB PHRASE (week 9)	6.1. Characteristics of adjectives 6.2. The structure and function of adjective phrases 6.3. Characteristics of adverbs 6.4. The structure and function of adverb phrases
UNIT 7: THE PREPOSITIONAL PHRASE (week 10)	7.1. The structure of prepositional phrases 7.2. Preposition stranding 7.3. PP complements in clause structure
UNIT 8: SUBORDINATION AND CONTENT CLAUSES (week 11-12)	8.1. Subordinate clauses 8.2. Clause type in content clauses 8.3. Declarative content clauses 8.4. Interrogative content clauses 8.5. Exclamative content clauses
UNIT 9: RELATIVE CLAUSES (week 13)	9.1. The function of relative clauses 9.2. Integrated vs supplementary relatives 9.3. Relative words in integrated vs supplementary relative clauses 9.4. Fused relatives
UNIT 10: NON-FINITE CLAUSES (week 14)	10.1 Four kinds of non-finite clause 10.2 The form of non-finite clauses 10.3. The functions of non-finite clauses
UNIT 11. INFORMATION PACKAGING IN THE CLAUSE (week 15-16)	11.1. Introduction 11.2. Passive clauses 11.3. Extraposition 11.4. Existential clauses 11.5. The it-cleft construction 11.6. Pseudo-clefts 11.7. Dislocation 11.8. Preposing and postposing

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	44	10	54
Seminarios	6	10	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	19	25	44
Traballos e proxectos	2	40	42
Outras	3	65	68

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empréganse como complemento das clases teóricas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Serán o complemento da lección maxistral e os seminarios.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Cada estudante deberá poñerse en contacto coa profesora para seleccionar o tema do traballo a realizar, ben en horario de titorías ou a través do correo electrónico e Faitic. Despois concertaranse as entrevistas necesarias no horario de titorías para realizar o seguimento e tutela do traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A participación activa nas sesións maxistrais e a realización das lecturas previas asignadas teranse en conta como parte da avaliación continua da materia.	5
Seminarios	A participación activa nos seminarios terase en conta como parte da avaliación continua da materia.	5

Resolución de problemas e/ou parte da avaliación continua da materia. exercicios	A correcta realización dos exercicios propostos nas sesións prácticas terase en conta como	5
Outras	Proba escrita realizada ó final do curso con combinación de preguntas curtas e exercicios. Esta proba ten como finalidade a avaliación das competencias adquiridas, e inclúe preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder en base aos coñecementos que teñen sobre a materia. Para resolver os exercicios da proba, o alumno debe aplicar os coñecementos e competencias que adquiriu.	60
Traballos e proxectos	Traballo escrito e presentación oral en grupos (tres persoas máximo) na data que se indique para cada tema ó comenzo do curso. Os obxectivos, características, material de apoio e formato de presentación do traballo serán explicados polo miúdo na clase e en Faitic. En liñas xerais trataráanse de estudos descritivos sobre un tema específico relacionado cos contidos da materia nos que se aborden distintas perspectivas teóricas ó seu análise. Tamén terá cabida a suxerencia de actividades prácticas, posibles estudos de lingüística de corpus ou a aplicación dos contidos á ensinanza da materia. Unha versión escrita breve do traballo será entregada á profesora e o grupo deberá expoñelo na clase con medios audiovisuais durante una duración aproximada de 15 minutos. Antes do remate da sesión, o resto do alumnado deberá intervir para dar a súa opinión, que tamén se lle poderá pedir por escrito en forma de breve enquisa. A continuación inclúese un listado provisional de temas coa data aproximada de exposición e a estrutura do traballo: Posibles temas: 1. Varieties of English (week 4); 2. Lexical morphology (week 5); 3. Clause type: asking, exclaiming and directing (week 6); 4. Modality and modal verbs (week 7); 5. Negation and related phenomena (week 9); 6. Coordination (week 9); 7. Comparative clauses (week 10); 8. Passive clauses (week 11); 9. Extraposition (week 12); 10. Existential clauses (week 13); 11. The it-cleft construction and pseudo-clefts constructions (week 14); 12. Dislocation, preposing and postposing (week 15); Structure: 1. Introduction: aims and contents; 2. Terminology and basic definitions; 3. Exemplification and discussion; 4. Discussion of different theoretical approaches (if applicable); 5. Empirical corpus data (if applicable); 6. Conclusions; 7. Exercises (optional); 8. Bibliography	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua. A condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das sesións presenciais (sesións maxistras, seminarios e sesións prácticas de resolución de exercicios). Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da calificación final):

- (1) Participación activa e lecturas previas, de ser o caso, nas sesións maxistras (5%) e seminarios (5%).
- (2) Entrega de actividades puntuais (resolución de exercicios, etc.) que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC (5%).
- (3) Proba escrita final (60%): Abarcará tódolos contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do cuadrimestre,
- (4) Traballo e presentación (25%): Desenvolvemento oral e escrito en grupos de estudantes (mínimo dous, máximo tres) dun estudo sobre un tema relacionado cos contidos da materia, que será asignado ó comezo do curso.

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter nas probas (3) e (4) unha calificación mínima de 4 (sobre 10). De non ser o caso, a materia estaría suspensa aínda que a media aritmética das dúas probas sexa 5 ou superior.

O alumnado que non supere a avaliación continua na primeira convocatoria (xuño) deberá presentarse a una proba escrita única en xullo, que contará o 75%. O restante 25% corresponderá ó traballo-presentación feito durante a avaliación continua. Se a nota acadada no traballo-presentación fose negativa, o alumno terá a oportunidade, se así o desexa, de repetir o traballo para a convocatoria de xullo (en versión unicamente escrita a entregar o día do exame). A nova calificación, sexa esta positiva ou negativa, terase en conta na convocatoria de xullo nunha porcentaxe do 25%.

Se algún alumno/a non pode cumprir coa obrigatoriedade de asistir ó 80% das sesións maxistras, seminarios e de resolución de exercicios, deberá **comunicarlllo ó profesorado argumentadamente ó comezo do curso** para estudar a maneira de aplicar a avaliación continua sen asistir ó 80% das clases. Este alumnado poderá realizar na convocatoria de xuño a proba escrita que terá lugar na data oficial fixada polo Centro e que suporá un 75% da nota, e entregar o traballo escrito nesa mesma data, que terá un valor do 25%. De suspender esta convocatoria, poderá presentarse na de xullo, na que a proba escrita de novo terá un valor do 75% da calificación. Se a nota acadada no traballo escrito da convocatoria de xuño fose negativa, o estudante poderá repetila na convocatoria de xullo, entregando o traballo o día do exame de xullo.

Recoméndase encarecidamente ó alumnado asistir a cantas sesión presenciais poida, mesmo que non acade o 80% requirido.

N.B.: En caso de calquera tipo de plaxio a caalificación final será de suspenso.

Bibliografía. Fontes de información

Aarts, B. 2007: *Syntactic Gradience. The Nature of Grammatical Indeterminacy*. Oxford: Oxford University Press.

Bauer, L. 2002. *An Introduction to International Varieties of English*. Edinburgh: Edinburgh University Press.

Biber, D., S. Johansson, G. Leech, S. Conrad, and E. 1999. *Longman grammar of spoken and written English*. London: Longman

Brinton, L and D. Brinton. 2010 (2000). *The Linguistic Structure of Modern English*. Amsterdam and Philadelphia: John Benjamins

Carnie, A. 2006: *Syntax*. London: Blackwell.

Crystal, D. 2004, *Making Sense of Grammar*. London: Longman

Gelderen, Elly van. 2010. *A Introduction to the Grammar of English. Revised Edition*. Amsterdam and Philadelphia: John Benjamins.

Haegeman, L. 2005: *Thinking Syntactically. A Guide to Argumentation and Analysis*. Oxford: Blackwell.

Huddleston, R. 1984: *Introduction to the Grammar of English*. Cambridge: Cambridge University Press.

*Huddleston, R. & G. Pullum 2002: *The Cambridge Grammar of the English Language*. Cambridge: Cambridge University Press.

Kuiper, K. And W.S. Allan. 2010. *An Introduction to English Language*. 3rd edition. London: Palgrave Macmillan.

Matthews, P. H. 2007: *Syntactic Relations. A Critical Survey*. Cambridge: Cambridge University Press.

Muñoz, C. 1995: *Clause Analysis. A Practical Approach*. Barcelona: PPU.

Rojo, G. & Jiménez Juliá, T. 1989: *Fundamentos de análise sintáctico funcional*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Wardaugh, Ronald 2008: *Understanding English Grammar. A Linguistic Approach*. London: Blackwell.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística: Describir a linguaxe/V01G180V01201

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Outros comentarios

É ESENCIAL que o alumnado estea pendente de FAITIC, tanto o alumnado que segue a avaliación continua coma o que non pode facelo.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés**

Materia	Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés			
Código	V01G180V01403			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martinez Insua, Ana Elina			
Profesorado	Martinez Insua, Ana Elina Rama Martinez, Maria Esperanza			
Correo-e	minsua@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.	A1 B5

- Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1 A5 A7 A9 B4 B5
- Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semi-formais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.	A1 A8 B1 B3 B5
- Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.	A1 A6 A9 B2 B3 B4 B5
- Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.	A1 A6 A7 A9 A12 B2 B3 B4 B5
- Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.	A6 A7 B2 B3

Contidos

Tema	
Use of English	Collocations Phrasal verbs Unreal time and subjunctives Conditionals Inversion
Speaking and vocabulary	Idioms and fixed expressions (continued) The financial world: business and money The senses: thinking and feeling Life and human relations: birth, marriage, decease
Reading	Analysis of academic texts and articles
Writing	Presenting academic research a. Structure b. Formats for citation and notes c. Attention to audience and register
Listening	CD, DVD, on-line passages related to the contents

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	26	52	78
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	25	45
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	25	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia. As explicacións teóricas poderán irse intercalando coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos, mediante exercicios ou proxectos a desenvolver polos estudantes. Ao longo destas sesións, e especialmente cara ao remate do cuadrimestre (as datas exactas serán sinaladas pola profesora coa conveniente antelación) realizaranse as probas precisas para avaliar as destrezas gramaticais, de vocabulario, de escoita, de lectura, de escrita e orais, tal e como se especificará na sección "Avaliación" desta guía.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades de complemento ás sesións maxistras nas que se formularán problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos previamente explicados. O alumnado deberá producir as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. É posible que o alumnado teña que facer presentacións orais na clase (en datas que serán fixadas pola profesora con suficiente antelación). Nese caso, durante o período de preparación do material a expoñer, o alumnado recibirá apoio e atención personalizada por parte do profesorado (tutorías, atención na aula, atención a través de Faitic e/ou correo electrónico).
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades nas que se formulen problemas e/ou exercicios relacionados coa materia e que o alumnado deberá desenvolver de maneira autónoma. Poden estar encamiñadas á preparación de traballos que o alumnado deba expoñer posteriormente nas sesións presenciais. Neste caso, ao igual que en apartados anteriores, as datas para as presentacións orais serán sinaladas pola profesora con suficiente antelación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cando sexa preciso, a profesora prestará axuda personalizada ao alumnado, especialmente no caso de que este deba preparar, de maneira autónoma, traballos encamiñados á súa exposición na aula. Por atención personalizada enténdese atención na aula, en horario de tutorías, atención a través da plataforma Faitic (foros) e/ou correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Cando sexa preciso, a profesora prestará axuda personalizada ao alumnado, especialmente no caso de que este deba preparar, de maneira autónoma, traballos encamiñados á súa exposición na aula. Por atención personalizada enténdese atención na aula, en horario de tutorías, atención a través da plataforma Faitic (foros) e/ou correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Tal e como se explicou, explicacións teóricas e actividades prácticas irán intercalándose. O alumnado será avaliado pola súa participación e implicación no desenvolvemento das sesións, así como polos resultados obtidos nas actividades realizadas. Ao longo destas sesións, e especialmente cara ao remate do cuadrimestre (as datas exactas serán sinaladas pola profesora coa conveniente antelación), realizaranse as probas precisas para avaliar as destrezas gramaticais, orais, de vocabulario, de escoita, de lectura e de escrita.	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	As destrezas gramaticais, de vocabulario, de escoita, de lectura e de escrita serán exercitadas e avaliadas ao longo destas sesións. É posible que o alumnado deba entregar traballos escritos de diversa índole. As datas de entrega de traballos escritos serán sinaladas pola profesora con suficiente antelación.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Tal e como se especifica na sección "Metodoloxía docente", as actividades realizadas durante este tempo poden ir encamiñadas á preparación de traballos que o alumnado deba expoñer posteriormente nas sesións presenciais. Desta maneira, será nas sesións presenciais cando se leven a cabo as presentacións orais que permitan avaliar as destrezas orais do alumnado.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

(A) 1ª EDICIÓN DE ACTAS

(i) Avaliación continua:

O proceso de avaliación arriba descrito será válido para todo o alumnado, que terá que asistir, como mínimo, a un **80%** das

sesións das que se compón o curso. O alumnado que non poida cumprir co requisito do 80% da asistencia deberá comunicarllo á profesora o antes posible, por escrito e de maneira argumentada. No caso de que a non asistencia estea debidamente xustificada, a avaliación destes alumnos será única (véxase (ii)).

No proceso de avaliación continua, cada unha das destrezas da lingua será avaliada mediante probas específicas, ao longo do curso. O alumnado deberá aprobar cada unha das partes que compoñen a materia e o suspenso nunha destas partes implicará un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes, o alumnado examinarase no mes de xullo (véxase (B)) da(s) parte(s) suspensa(s).

As datas de entrega de traballos escritos e as datas das posibles exposicións orais serán fixadas no calendario con antelación suficiente e non se aceptarán entregas fóra de prazo. A non entrega dun traballo en tempo e forma puntuará como 0.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

(ii) Avaliación única:

Será empregada para avaliar ao alumnado que non poida cumprir co requisito do 80% da asistencia. Consistirá nun único exame final que terá lugar na data oficial fixada polo centro e que computará como o 100% da cualificación. O exame constará de diversas partes correspondentes a gramática, vocabulario, lectura, escrita, escoita e produción oral (sendo as porcentaxes as mesmas que as empregadas na avaliación continua).

(B) 2ª EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame único ao final do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de **xullo**. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a gramática, vocabulario, lectura, escrita, escoita e produción oral (sendo as porcentaxes as mesmas que as empregadas na avaliación continua).

Tal e como se explicou en (A), a este exame poderán presentarse aqueles alumnos/as que teñan suspensa(s) alguna(s) das partes da materia. Nese caso, estes estudantes deberán examinarse só da(s) parte(s) suspensa(s).

Bibliografía. Fontes de información

Dicionarios

Oxford Advanced Learner's Dictionary. Oxford: Oxford University Press.

Cambridge Advanced Learner's Dictionary. Cambridge: Cambridge University Press

Oxford Wordpower Dictionary. Oxford: Oxford University Press.

Oxford Thesaurus of English. Oxford: Oxford University Press.

Merriam-Webster online Dictionary and Thesaurus, Merriam-Webster

Longman Dictionary of Contemporary English. Essex: Longman.

Gramáticas

Carter, R., M. McCarthy, G. Mark & A. O'Keeffe. 2011. *English Grammar Today. An A-Z of spoken and written grammar*. Cambridge: Cambridge University Press. (with workbook)

Downing, A. & P. Locke. 2006. *English Grammar. A University Course*. London & New York: Routledge (2nd edition).

Huddleston, R. & G. K. Pullum. 2005. *A Student's Introduction to English Grammar*. Cambridge: Cambridge University Press.

Sinclair, J, (ed.). 1990. *Collins Cobuild English Grammar*. London & Glasgow: Collins.

Manuais

Oxeden, C. & C. Latham-Koenig. 2011. *New English File. Advanced student's book*. Oxford: Oxford University Press.

Murphy, R. 2003. *English Grammar in Use*, Cambridge: Cambridge University Press.

Hancock, M. 2003. *English Pronunciation in Use*, Cambridge University Press.

McCarthy, M. 2002. *English Vocabulary in Use (Advanced)*, Cambridge: Cambridge University Press.

Bibliografía complementaria

Comfort, J. 1995. *Effective Presentations*, Oxford: Oxford University Press.

Campbell, C. & J. Smith. 2009. *English for Academic Study: Listening. Course Book and audio CDs*, Reading: Garnet.

Bailey, S. 2006. *Academic writing: a handbook for international students*. 2nd ed. London; New York: Routledge

Bell, D. 2008. *Passport to Academic Presentations - Student's Book with audio CD*, Reading: Garnet.

English, A. & L. M. 1998. *North Star Reading and Writing: High Intermediate*. 2nd ed., London: Longman.

Campbell, C. 2009. *English for Academic Study: Vocabulary - Study Book*, Reading: Garnet.

Margolis, A. & J. Smith. 2009. *English for Academic Study: Pronunciation - Study Book with audio CDs*, Reading: Garnet.

McCormack, J., & J. Slaght. 2009. *English for Academic Study: Extended Writing & Research Skills - Course Book*, Garnet.

McCormack, J. & S. Watkins (2009) *English for Academic Study: Speaking - Course Book and audio CDs*, Reading: Garnet.

Pallant, A. 2009. *English for Academic Study: Writing - Course Book*, Reading: Garnet.

Slaght, J. & P. Harben. 2009. *English for academic Study: Reading - Course Book*, Reading: Garnet.

Slaght, J., P. Harben and A. Pallant. 2009. *English for academic Study: Reading and Writing - Source Book*, Reading: Garnet.

Mlnarczyk, R. & S. Haber. 2005. *In Our Own Words*. 3rd ed., Cambridge: Cambridge University Press.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Outros comentarios

Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

No comezo do cuadrimestre, a profesora mencionará o libro de texto recomendado. Inda que este texto non será empregado de maneira cotiá nas sesións, si que se recorrerá a el con frecuencia, tanto nas sesións de carácter teórico como nas de tipo práctico. Paralelamente, a profesora poderá entregar materiais diversos que contribúan á explicación e posta en práctica dos contidos do materia.

Os volumes listados na bibliografía serán consultados como complemento aos materiais entregados nas clases, ben por recomendación expresa da profesora, ben por interese ou propia necesidade do alumnado. En todo caso, tódolos materiais cos que se traballe ao longo do curso poderán ser obxecto de avaliación.

Recoméndase encarecidamente a consulta regular do enderezo de correo electrónico facilitado para abrir a conta en Faitic, así como a da propia plataforma. Entre outras cousas, a profesora fará anuncios e porá material a disposición do alumnado a través desta plataforma.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Segundo idioma estranxeiro IV: Francés**

Materia	Segundo idioma estranxeiro IV: Francés			
Código	V01G180V01404			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Alonso de Soto, Inés			
Profesorado	Alonso de Soto, Inés			
Correo-e	ialonso@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son adquirir unha competencia comprensiva e produtiva de estruturas gramaticais complexas tanto na expresión escrita coma na oral, insistindo na produción e comprensión oral. O nivel a atinxir é un nivel B2 - C1.1			

Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

Competencias de materia

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión oral.	A1 A5 B2
Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas.	A3 A6
Fomentar a capacidade de expresión e comprensión da lingua francesa e a práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	A8 A10

Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios dos falantes francófonos.	A1 A3 A10 B1
Mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	A5 A6 B3 B4

Contidos

Tema	
I- Théorie : De la phrase simple à la phrase complexe-	- le temps, la cause, la conséquence, la comparaison, l'opposition et la concession, le but, la condition et l'hypothèse.
De la phrase unique à la phrase multiple.	
II- Pratique	A- Pratique de la langue avec la méthode "Vite et Bien". B-Civilisation : La France et la Francophonie La France et la "perfide" Albion

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	36	48
Traballos tutelados	1	14	15
Prácticas de laboratorio	30	0	30
Tutoría en grupo	1	4	5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	18	18
Prácticas autónomas a través de TIC	0	14	14
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	8	10
Outras	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais
Traballos tutelados	Un traballo sobre un tema de civilización.
Prácticas de laboratorio	Exercicios de comprensión e reformulación. Insistirase na expresión oral
Tutoría en grupo	Tutoría para as dúbidas que puidesen xurdir na preparación dos traballos tutelados
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos
Prácticas autónomas a través de TIC	Exercicios de escoita e comprensión de textos dispoñíbeis na plataforma Tema

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final. Os exercicios serán corrixidos individualmente ou en grupo.
Prácticas de laboratorio	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final. Os exercicios serán corrixidos individualmente ou en grupo.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final. Os exercicios serán corrixidos individualmente ou en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas autónomas a través de TIC	Probas de comprensión ou ditados	10%
Traballos tutelados	Presentación do traballo de civilización	10

Outras	Proba final global sobre os coñecementos adquiridos durante o curso tanto na práctica coma na teoría	60
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas de coñecemento e práctica da lingua francesa e participación activa en clase	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

□ **Primeira edición das actas:** A avaliación é continua. Para ser avaliado será necesario ter asistido ó 80% das clases e ter entregado os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán coma un cero. Os alumnos terán que aprobar tódalas destrezas. En caso de plaxio, a nota é de suspenso.

Nesta primeira edición das actas haberá unha avaliación única para o alumnado que ó comezo do curso xustifique debidamente, en tempo e forma (nas dúas primeiras semanas do inicio do curso), que non pode realizar a avaliación continua. Nese caso fará unha proba única teórico-práctica. Esa nota contabilizará 50% para a parte práctica e 50% para a parte teórica.

□ **Segunda edición das actas:** Os alumnos que non superen a materia na primeira edición das actas farán en xullo unha proba final que contará coma un 100% da nota: esa nota contabilizará 50% para a parte teórica e 50% para a parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA INDISPENSABLE

- *Vite et bien. Méthode de français pour adultes.* Miquel Claire. Paris : Clé International, 2010.
- *Nouvelle grammaire du français.* Delatour, Jennepin, Léon-Dufour & Teissier. Paris : Hachette, 2004.
- FILM : *Pièce montée* de Denys Granier-Deferre.
- *Delf B1, 200 activités.* Bloomfield & Mubanga beya. Paris : Clé International, 2006
- *Vocabulaire progressif du français.* Leroy-Miquel & Goliot-Lété Paris : Clé International, 1997.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo idioma estranxeiro III: Francés/V01G180V01304

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés/V01G180V01106

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01205

Outros comentarios

Recoméndase o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección. O nivel recomendado para seguir as clases é un nivel B2.1

DATOS IDENTIFICATIVOS**Segundo idioma estranxeiro IV: Alemán**

Materia	Segundo idioma estranxeiro IV: Alemán			
Código	V01G180V01405			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sanchez, Maria Jose			
Profesorado	Corvo Sanchez, Maria Jose Seidel , Isabell			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos que se imparte no segundo cuadrimestre do segundo curso do grao e que está concibida como unha continuación da materia Segundo Idioma Estranxeiro III, impartida no primeiro cuadrimestre, como un curso orientado cara á consolidación do coñecemento do alemán e a súa cultura. Presupón un coñecemento básico tanto lingüístico como cultural e persegue a consecución dun nivel básico-medio de coñecemento da lingua alemá básica. Xa que logo, debe entenderse esta materia como un curso de consolidación dunha boa base para seguir profundizando máis adiante nos coñecementos do alemán, na súa gramática e o seu léxico, así como noutros aspectos culturais xerais igualmente necesarios para unha aprendizaxe oral e práctica da lingua cotiá alemá.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	A1
- Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1
- Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.	A3

- Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	A13 B5
- Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socioculturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.	A7 B5
- Mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	A5 A8
- Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	A10 A11

Contidos

Tema	
1. Pronunciar e escribir: Observacións. Os estranxeirismos.	Países e capitais. Os países alemáns no mapa de Europa.
2. Declinación, conxugación, comparación e subdivisión das palabras en clases.	Silbentrennung ou separación das sílabas.
3. Artikel als Pronomen. Adjektive als Substantive. Os pronomes posesivos.	Os artigos: der (un)bestimmte Artikel und der Null-Artikel.
4. Oracións subordinadas: Wiederholung und Ergänzung.	Linguaxe xestual e corporal.
5. Os verbos en indicativo: Wiederholung und Ergänzung.	Os verbos con preposicións.
6. O pronome ES e os Wetterverben.	Outras formas de comunicarse.
7. Partes do verbo non conxugables: prefixos, infinitivos e participios.	A construción de infinitivo.
8. Heimat und Feste: Persoas e lugares.	A definición. Dicionarios monolingües. Os falsos amigos e as abreviacións.
9. A voz pasiva.	Os actos de fala.
10. Die Konjunktiv-Formen.	A imaxe e a palabra: avisos, refráns e felicitacións.
Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia no referente aos temas de Landeskunde aquí propostos.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	6	8	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	30	34
Presentacións/exposicións	2	0	2
Traballos de aula	22	24	46
Traballos tutelados	10	40	50
Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de organización: explicación pormenorizada do programa da materia e do seu desenvolvemento dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, libro de lectura obrigatoria e outros libros complementarios.
Sesión maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxico e cultural.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades léxicas e gramaticais: prácticas gramaticais e léxicas con exercicios adecuados aos temas expostos.
Presentacións/exposicións	Presentación doutros materiais ou ferramentas para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Traballos de aula	Actividades lingüísticas: práctica de lectura, escritura e tradución.
Traballos tutelados	Preparación, realización e corrección de exercicios e comentario das dificultades lingüísticas e de Landeskunde. Actividades de repaso e control. Presentacións de contido lingüístico e/ou cultural.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Traballos de aula	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Traballos tutelados	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valoración continua das prácticas gramaticais e léxicas.	20
Traballos de aula	Valoración continua da participación activa nas actividades lingüísticas e de Landeskunde.	10
Traballos tutelados	Valoración global das actividades de presentación e control de contido lingüístico e/ou cultural.	40
Probas de resposta curta	Proba escrita de contido léxico, gramatical e de Landeskunde.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. A condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das aulas. O alumnado que xa cursase a materia e non poida cumprir o requisito de asistencia deberá informar á profesora de calquera incidencia a este respecto. Ademais, o alumnado que incumpra estas condicións deberá comunicarllo ó profesorado argumentadamente, co fin de solventar e cubrir a perda de horas de asistencia e de traballo da maneira que considere axeitada o profesorado en cada caso particular.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar un exame ó final do cuadrimestre sobre os contidos da materia, e mais un traballo escrito acordado coa profesora responsable da materia. Este alumnado non ten ningunha obriga presencial, aínda que se lle aconsella que asista ás aulas.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán/V01G180V01107

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán/V01G180V01206

Segundo idioma estranxeiro III: Alemán/V01G180V01305

Outros comentarios

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán equivalentes a 18 créditos desta materia.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.